



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 8 DE XULLO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:30 horas do día 8 de xullo de 2016, réunese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 06-07-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais:

Dna. Susana García Álvarez.
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez.
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Secretaria: Dna Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, se procede a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo (expediente 5896-252)**

Entregase o informe do xefe do servizo de Limpeza, de data 6 de xullo de 2016, de valoración do "SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR".

2.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:17	Páxina 1 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC4D-E7CE4A-3H8EA9-JRWJ7P-969FGN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo (expediente 5896-252)**

Aceptase o informe do xefe do servizo de Limpeza, de data 6 de xullo de 2016, de valoración do "SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR".

Á vista do mesmo, a mesa, por unanimidade dos membros asistentes á presente sesión, acorda "excluir do procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo á mercantil EcolimSistem, S.L, por conter no sobre B datos relativos á oferta económica, consonte ao establecido na cláusula 8.5.B do PCAP en relación co disposto no artigo 145.2 do TRLCSP, que determina que as proposicións serán secretas. No "Programa de mantemento preventivo e de conservación" propón no plan de organización e funcionamento os protocolos de intervención para mantemento correctivo nas avarías urxentes e non urxentes. En concreto na páxina 4 deste documento, atópase referencia explícita ao prazo que o licitador propón para as devanditas intervencións, sendo este un criterio de adjudicación avaliable mediante fórmula previsto no apartado 8.B.3 da FEC do PCAP".

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 09:45 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Dna. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:17	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAC4D-E7CE4A-3H8EA9-JRWJ7P-969FGN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		